

**13263** REAL DECRETO 949/2005, do 29 de xullo, polo que se aproban medidas en relación coas adoptadas no Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais. («BOE» 183, do 2-8-2005.)

Esta norma regulamentaria dítase para facilitar a aplicación das medidas urxentes adoptadas no Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, destinadas a paliar, compensar e reparar, no posible, os danos persoais e materiais causados polo incendio orixinado na provincia de Guadalajara o pasado 16 de xullo.

Así mesmo, este real decreto inclúe dentro do seu ámbito de aplicación, e ao abeiro do previsto no artigo 1.2 do citado real decreto lei, os danos ocasionados polos incendios que se orixinaron en Extremadura o pasado 21 de xullo, e que, pola súa especial gravidade, produciron, como aquel, consecuencias catastróficas nas zonas afectadas.

As axudas que se concretan e cuantifican nesta norma compoñen un amplo abano que comprende desde as estritamente persoais, por falecemento ou incapacidade absoluta permanente, até as que pretenden aumentar o emprego nas zonas afectadas, pasando pola previsión das indemnizacións das explotacións agrícolas, gandeiras e apícolas, ou as axudas excepcionais en materia de vivenda. Tamén se prevén actuacións concretas de prevención de incendios forestais, financiadas con cargo ao Fondo previsto na disposición adicional cuarta do Real decreto lei 11/2005.

Para a elaboración deste real decreto tivéronse en conta diversas análises e valoracións de técnicos e expertos en incendios forestais, a propia experiencia acumulada durante os últimos anos nestes sucesos e, moi en particular, as inquietudes transmitidas persoalmente polos alcaldes dos municipios afectados polo tráxico e devastador incendio de Guadalajara.

Igualmente, serviu de importante punto de referencia a Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, reunida con carácter excepcional e urxente en Madrid o pasado 26 de xullo. Neste senso, considerouse conveniente precisar o alcance da intervención das Comunidades Autónomas na delimitación do ámbito das prohibicións excepcionais establecidas no Real decreto lei 11/2005, para adaptalas ás moi diversas peculiaridades dos territorios de cada unha delas.

Na súa virtude, por proposta da ministra da Presidencia e dos ministros de Defensa, de Economía e Facenda, do Interior, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Administracións Públicas e de Medio Ambiente e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xullo de 2005,

## DISPÓN O :

### Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer normas relacionadas coas contidas no Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais.

2. Especificamente, as medidas previstas neste real decreto serán de aplicación:

a) Aos municipios de Ablanque, Anguita (Pedanías de Anguita: Santa María del Espino e Villarejo de Medina), Anquela del Ducado (Entidade de Ámbito Territorial Inferior ao Municipio de Anquela del Ducado: Tobillos), Ciruelos del Pinar, Cobeta, Luzón, Maranchón, Mazarete, Riba de Saelices e Selas, todos eles da provincia de Guadalajara.

b) Aos municipios da Comunidade Autónoma de Extremadura de Alía, Cañamero, Navalvillar de Ibor, Castañar de Ibor, Guadalupe e Robledollano, todos eles da provincia de Cáceres; e ao de Valdecaballeros, da provincia de Badajoz.

c) A outros municipios que determine o Goberno, por teren padecido, desde 1 de abril de 2005 ou padecer até 1 de novembro de 2005, incendios de efectos catastróficos similares nas zonas afectadas.

### Artigo 2. *Contía das axudas excepcionais por danos persoais en casos de falecemento e de incapacidade absoluta e permanente.*

1. De acordo co previsto no artigo 7.2 a) do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, fíxase a contía das axudas excepcionais por danos persoais en 18.000 euros.

Estas axudas concederanse de acordo cos requisitos recollidos no artigo 7 do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, sen que sexan de aplicación as limitacións sobre dependencia económica dos beneficiarios respecto do causante, previstas no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica e se establece o procedemento para a súa concesión.

O procedemento para a concesión das axudas persoais será o previsto no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, salvo os prazos de presentación de solicitudes e de resolución que serán, respectivamente, de dous e tres meses, tal e como dispón o artigo 7.5 do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo.

2. As axudas ás persoas físicas ou xurídicas que realizen prestacións persoais e de bens rexeranse polo disposto no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo.

### Artigo 3. *Especificación das indemnizacións das explotacións agrícolas, gandeiras e apícolas.*

1. Os titulares das explotacións agrícolas e gandeiras afectadas, que cumpran o previsto no artigo 2 do Real decreto lei 11/2005, percibirán as indemnizacións previstas neste artigo.

2. Nas producións agrícolas indemnizaranse as perdas rexistradas na produción esperada na campaña. No caso das producións leñosas terase en conta, ademais, unha compensación equivalente ao custo de reposición das plantacións afectadas e a posible repercusión que se puider orixinar na colleita das próximas campañas.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en coordinación coas comunidades autónomas afectadas, establecerá o procedemento para a determinación das indemnizacións e a súa contía máxima.

3. As perdas rexistradas nas explotacións gandeiras, como consecuencia dos danos producidos sobre os pastos e outras áreas de aproveitamento gandeiro, serán compensadas cunhas indemnizacións en concepto de gastos extraordinarios para a alimentación dos animais, nas seguintes contías:

Gando vacún e equino: 165 €/animal reprodutor.  
Gando ovino e caprino: 25 €/animal reprodutor.

4. As explotacións apícolas afectadas serán indemnizadas polas perdas ocasionadas polo incendio nas colmeas queimadas, sempre que estas perdas non sexan compensadas polas pólizas de seguro que puideren ter formalizadas os produtores. A indemnización que se percibirá incluírá, igualmente, unha compensación económica en concepto de mingua de produción na próxima campaña. A contía máxima de indemnización, por ambos os conceptos, será de 120 €/colmea queimada. Desta can-

tidade deduciranse as indemnizacións que puider percibir o apicultor polas entidades aseguradoras.

5. Para as restantes producións a indemnización que se percibirá será determinada tendo en conta as condicións e procedementos establecidos no sistema de seguros agrarios.

**Artigo 4. Axudas excepcionais en materia de vivenda: para aluguer de vivendas se se tiver producido a destrución total, así como para a reparación, rehabilitación e reconstrución delas.**

1. Serán beneficiarios das axudas excepcionais en materia de vivenda reguladas no punto segundo deste artigo:

a) Os propietarios, os usufrutuarios ou arrendatarios con contrato sometido a prórroga forzosa, sempre que a vivenda destruída ou danada teña a condición de residencia permanente e habitual con anterioridade á produción do sinistro.

b) As comunidades de propietarios por danos en elementos comúns.

2. As axudas excepcionais, que se concederán con cargo á reserva non territorializada regulada nos artigos 78, c) 2. e 83.3 do Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, polo que se aproba o Plan Estatal 2005-2008 para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, outorgaranse nos seguintes supostos e contías:

a) Para aluguer de vivendas:

1.º Se como consecuencia do incendio forestal se producise a destrución total da vivenda ou, debido ao seu mal estado residual, fose precisa a súa demolición, os seus propietarios poderán acceder a unha vivenda en réxime de aluguer, durante un período máximo de 24 meses, prorrogable, se é o caso, até que sexa posible a reconstrución da vivenda ou a disposición dunha nova, aínda que se poderán admitir outras fórmulas de realoxamento alternativas cando así resulte necesario.

2.º Os que ocupasen como residencia habitual, en réxime de aluguer, vivendas que resultasen totalmente destruídas ou fosen demolidas, poderán acceder a axudas por aluguer consistentes no aboamento da diferenza entre as rendas de aluguer da anterior e da nova vivenda, por un período de tempo igual ao reflectido no parágrafo primeiro.

3.º No suposto de que a rehabilitación ou reparación da vivenda exixa o seu desaloxo, poderase acceder igualmente a unha vivenda en réxime de aluguer, durante un período máximo de 12 meses, prorrogable, se é o caso, até que sexa posible a disposición da vivenda.

4.º A contía máxima que poden alcanzar estas axudas non poderá superar o importe de 70,87 euros/m<sup>2</sup>/aluguer ano, por vivenda.

b) Para reparación, rehabilitación e reconstrución de vivendas:

1.º Nos supostos en que, como consecuencia do incendio forestal, se produza a destrución total da vivenda, os seus propietarios, poderán ser beneficiarios dunha axuda económica para a súa reparación, rehabilitación e reconstrución, cuxa contía quedará determinada, no seu límite máximo, polo 50 por cento do valor dos danos producidos segundo a taxación pericial efectuada ou ratificada polo órgano competente da comunidade autónoma, sen que en ningún caso o importe da axuda poida ser superior ao 40 por cento do prezo de venda dunha vivenda cualificada de protección oficial de réxime especial, situada na mesma localidade que a vivenda destruída. Para os efectos do cómputo do prezo de venda,

suporase unha superficie útil da vivenda protexida de 90 metros cadrados, sen rocho nin garaxe.

2.º Se a vivenda non resultase destruída, senón danada, a contía máxima da axuda económica para a súa rehabilitación ou reparación, baixo os mesmos supostos que os do parágrafo anterior, será de 12.000 euros.

3.º Poderán tamén ser beneficiarios destas axudas previstas para a reconstrución, rehabilitación ou reparación dunha vivenda sinistrada os que a ocupasen como residencia habitual, en calidade de usufrutuarios ou arrendatarios con contrato sometido a prórroga forzosa. En tal caso, para os efectos da súa reconstrución, rehabilitación ou reparación, resultará perceptor da axuda correspondente quen acredite ser propietario do inmovble. Non obstante o anterior, no caso de comunidades de propietarios, por danos en elementos comúns, o perceptor da axuda será o representante legal da comunidade de propietarios.

3. Os particulares que soliciten as axudas previstas no número anterior deberán acreditar, por calquera medio admisible en dereito, que reúnen os seguintes requisitos:

a) Teren a súa residencia nalgún dos termos municipais incluídos no ámbito do artigo primeiro deste real decreto.

b) A vivenda sinistrada debe constituír domicilio habitual do solicitante das axudas con anterioridade á produción do incendio forestal.

c) Xustificar, se é o caso, o importe dos gastos xerados polo arrendamento que resultase necesario, como consecuencia da inhabilitabilidade da vivenda destruída ou danada.

d) Reunir a condición de propietario, usufrutuario ou arrendatario nos termos que se determinan neste artigo.

e) Acreditar escaseza de recursos económicos para facer fronte aos gastos obxecto das axudas previstas neste artigo. Entenderase que se carece de recursos económicos cando se cumpran os requisitos para ser beneficiario das axudas previstas no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, tal como se determina no seu artigo 16.

4. O valor das axudas concedidas en aplicación deste real decreto, no que aos danos materiais se refire, non poderá superar en ningún caso a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, por igual concepto, puideren conceder outros organismos públicos, nacionais ou internacionais, ou corresponderen en virtude da existencia de pólizas de aseguramento.

5. O financiamento das axudas para reparación, rehabilitación e reconstrución de vivendas, será efectuado pola Administración xeral do Estado, con cargo á reserva non territorializada regulada nos artigos. 78, c) 2 e 83.3 do Real decreto 801/2005, do 1 de xullo.

6. As axudas establecidas neste artigo terán carácter extraordinario e rexeranse no que ao procedemento de concesión se refire, polo disposto neste real decreto e na orde ministerial que o desenvolva.

**Artigo 5. Axudas por perda de enxoval.**

As perdas de enxoval sufridas serán obxecto de axudas segundo o disposto no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión.

#### Artigo 6. *Axudas a corporacións locais.*

As axudas a corporacións locais polos gastos causados para facer fronte a estas situacións de emerxencia, rexeranse polo disposto no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, sen que sexa aplicable a limitación da contía prevista nos seus artigos 22 e 23.

#### Artigo 7. *Contratación de desempregados a través dos programas de colaboración cos organismos do Estado, para a limpeza de montes, marxes de ríos e educación ambiental, entre outros.*

Con cargo aos créditos dispoñibles da reserva de xestión directa do Servizo Público de Emprego Estatal, incrementarase a contratación de desempregados a través dos programas de colaboración cos organismos do Estado, encamiñados á limpeza de montes, marxes de ríos, tarefas de vixilancia, educación ambiental, entre outros.

#### Artigo 8. *Declaración dos municipios afectados como zona rural deprimida.*

Decláranse como zona rural deprimida os municipios incluídos no ámbito de aplicación do artigo 1.2 a) e c) deste real decreto, para que se poidan beneficiar dos fondos do Plan de Fomento do Emprego Agrario, xestionados polo Servizo Público de Emprego Estatal. Para a creación do consello comarcal correspondente seguirase o establecido no artigo 25.5 do Real decreto 939/1997, do 20 de xuño.

#### Artigo 9. *Accións de formación profesional a través de convenios de compromiso de contratación nas zonas afectadas.*

Con cargo aos créditos dispoñibles da reserva de xestión directa do Servizo Público de Emprego Estatal darase prioridade ás accións de formación profesional a través de convenios con compromiso de contratación nas zonas afectadas.

#### Artigo 10. *Ampliación do ámbito funcional das medidas aos subsectores económicos vinculados ás explotacións directamente afectadas polos incendios.*

1. Esténdense as medidas laborais e de Seguridade Social establecidas no artigo 5 do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, aos subsectores económicos vinculados coas explotacións directamente afectadas polos incendios que, como consecuencia dos danos producidos nestas, puideren ver reducida ou paralizada a súa actividade.

2. Corresponderá ao ministro de Economía e Facenda, logo de informe do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, a fixación dos criterios con que establecer a vinculación dos subsectores ás explotacións directamente afectadas, o que determinará a extensión de tales medidas.

#### Artigo 11. *Determinación polas comunidades autónomas do alcance das prohibicións establecidas no artigo 13 do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, nos seus respectivos ámbitos territoriais.*

1. No marco das medidas contidas no artigo 13 do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, corresponde ás comunidades autónomas:

a) Delimitar os espazos abertos en que resulta de aplicación a súa alínea a).

b) Determinar os supostos exceptuados das prohibicións reguladas nos incisos 1.º e 2.º da súa alínea b).

c) Determinar os supostos en que queda autorizado o tránsito de persoas, de acordo co disposto na súa alínea c).

2. Para estes efectos, consideraranse autorizacións expresas tanto as emitidas en supostos concretos como as integradas nas disposicións de carácter xeral ditas con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 11/2005, e compatibles co el, ou nas ditas no seu desenvolvemento e aplicación.

#### Artigo 12. *Fondo creado pola disposición adicional cuarta do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo.*

1. Co obxecto de dotar o Fondo para actuacións de prevención de incendios forestais, creado pola disposición adicional cuarta do Real decreto lei 11/2005, e de conformidade co disposto no artigo 15, en relación co 16, ambos da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, así como nos artigos 50, 55 e 61 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, o Consello de Ministros autorizará, por proposta do ministro de Economía e Facenda, un crédito extraordinario.

2. Con cargo a este Fondo financiaranse, entre outras, as seguintes actuacións:

a) De prevención e defensa contra incendios forestais nos terreos propiedade das confederacións hidrográficas do Norte, Douro, Texo, Gadiana, Guadalquivir, Segura, Júcar e Ebro.

b) De aproveitamento da biomasa forestal residual consistentes na retirada, almacenamento e posta á disposición dos operadores económicos, realizadas polo Ministerio de Medio Ambiente nas zonas declaradas de alto risco, a petición das comunidades autónomas e en colaboración con estas, até o 31 de decembro de 2005.

c) De financiamento dos novos medios aéreos, cuxa contratación se levará a cabo polo procedemento de emerxencia unha vez que finalice a avaliación dos máis idóneos dentro dos dispoñibles para estaren operativos de inmediato.

Disposición adicional primeira. *Establecemento dunha liña prioritaria de actuación para proporcionar servizo de telefonía móbil e acceso preferente ao programa de extensión da banda ampla, aos municipios afectados da provincia de Guadalajara.*

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio incorporará con carácter prioritario aos municipios afectados polo incendio forestal orixinado na provincia de Guadalajara o 16 de xullo de 2005 ao Plan de extensión da telefonía móbil. Da mesma forma, estes municipios serán incluídos con carácter preferente no Programa de extensión da banda ampla dese ministerio para zonas rurais e illadas.

Disposición adicional segunda. *Ampliación das liñas de seguros agrarios aos montes.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación realizará, a través da Entidade Nacional de Seguros Agrarios, os estudos actuariais e técnicos para valorar a posible ampliación das liñas dos seguros agrarios aos montes que teñan rendas anuais ou periódicas de produtos forestais e cuxa cobertura teña en conta o voo, así como as perdas de rendas por motivo de incendios forestais, establecendo, se é o caso, as primas correspondentes segundo a tipoloxía e características dos bens que se aseguren.

As conclusións deste estudo presentaranse no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición adicional terceira. *Avaliación dos danos producidos por incendios forestais acontecidos en Andalucía no ano 2004 para os efectos da posible extensión das axudas establecidas neste real decreto.*

O Goberno procederá, de forma concertada coa Xunta de Andalucía, a avaliar os danos producidos con ocasión dos incendios acaecidos en Andalucía, e en función desa valoración, a acordar que medidas das establecidas neste real decreto son susceptibles de aplicación ás persoas, bens e municipios afectados por aqueles incendios.

Disposición adicional cuarta. *Aplicación do Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria.*

Para financiar as axudas que se concedan en aplicación do disposto no artigo 2.1 como consecuencia do incendio iniciado o 16 de xullo de 2005 na provincia de Guadalajara, asígnanse 198.000 euros con cargo ao Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 29 de xullo de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARIATERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

**13264** *ORDE PRE/2500/2005, do 29 de xullo, pola que se determinan os ámbitos territoriais afectados pola seca e se establecen criterios para a aplicación de determinadas medidas previstas no Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos producidos no sector agrario pola seca e outras adversidades climáticas. («BOE» 183, do 2-8-2005.)*

O Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos producidos no sector agrario pola seca e outras adversidades climáticas, dispón no número 2 do seu artigo 1, que por orde conxunta dos ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente, oídas as comunidades autónomas e as organizacións representativas do sector, se delimitarán os ámbitos territoriais afectados para a aplicación das medidas previstas.

Así mesmo, a disposición derradeira segunda faculta os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, para ditaren as normas necesarias e estableceren os prazos para a execución das medidas previstas nel.

Esta orde delimita o ámbito territorial afectado, en cumprimento do establecido no artigo 1.2 de Real decreto lei 10/2005 e establece os criterios para a aplicación das medidas previstas nos artigos 4, 5 e 6 do citado real decreto lei.

Na súa virtude, oídas as comunidades autónomas e as organizacións representativas do sector, e por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente, dispoño:

Primeiro. *Ámbitos territoriais afectados pola seca.*

1. Para os efectos do previsto no artigo 1.2 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, os ámbitos territoriais afectados pola seca a que son de aplicación as medidas establecidas nel son os que figuran no anexo I desta disposición.

2. As explotacións gandeiras en réxime de transhumancia que aproveitan os pastos ou a floración nas zonas afectadas pola seca, nos termos sinalados no artigo 1.1 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, considéranse incluídas na delimitación dos ámbitos territoriais afectados pola seca con independencia da localización da explotación.

3. Os ámbitos territoriais en que a seca tivo unha incidencia especialmente grave nos sectores de gandaría en réxime extensivo e da apicultura, aos cales é aplicable o artigo 5.7 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, son os que se determinan no anexo II.

4. Os ámbitos territoriais afectados pola seca nos cales será de aplicación o establecido no artigo 4 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, son os que se determinan no anexo III.

Segundo. *Préstamos de mediación do Instituto de Crédito Oficial (ICO).*

1. As bonificacións ao tipo de xuro anual nominal dos préstamos de mediación do ICO para os titulares de explotacións agrarias previstas no artigo 5 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, expresadas en puntos porcentuais de xuro nominal anual (p.p.), serán as seguintes:

Titulares de explotacións agrarias: 0,75 p.p.

Titulares de explotacións agrarias prioritarias ou que sexan agricultores a título principal ou que teñan póliza de seguro agrario en vigor que garanta a cobertura de riscos climáticos, ou que sufrisen inmovilizacións de gando reguladas por razóns sanitarias: 1,75 p.p.

Titulares de explotacións agrarias prioritarias ou que sexan agricultores a título principal ou que sufrisen inmovilizacións de gando reguladas por razóns sanitarias e que, en calquera dos casos mencionados, teñan póliza de seguro agrario en vigor que inclúa a cobertura do risco de seca ou, se non existise, calquera liña dos seguros agrarios combinados: 2 p.p.

Se as bonificacións máximas anteriores, 2 p.p., superasen o límite do 50 por cento do tipo resultante para o beneficiario sen computar as subvencións, establecido no artigo 5.5 do Real decreto lei 10/2005, axustaríanse estas bonificacións máximas ao citado límite e reduciríanse as restantes na mesma proporción.

2. As subvencións para minorar o principal dos préstamos ICO, en aplicación do artigo 5.7 do Real decreto lei 10/2005, serán as seguintes:

Titulares de explotacións gandeiras en réxime extensivo ou apícolas, que sexan prioritarias ou que sexan agricultores a título principal ou se visen afectadas por inmovilizacións reguladas por razóns sanitarias ou que teñan póliza en vigor do seguro agrario que inclúa a cobertura do risco de seca: 25 por cento de cada unha das dúas primeiras anualidades de amortización.

Titulares de explotacións gandeiras en réxime extensivo ou apícolas, que sexan prioritarias ou que sexan